UNIVERSIDADE
DE VIGO

# Memoria actividades deportivas 05/06

UNIVERSIDADE DE VIGO

# memoria actividades deportivas 05|06


**1. ACTIVIDADES DE OCIO - FORMACIÓN**
1.1. ESCOLAS DEPORTIVAS
1.2. CURSOS CURTOS

**2. ACTIVIDADES DE OCIO - RECREACIÓN**
2.1. ROTEIROS
2.2. DELECER. Deporte para o tempo libre.
2.3. AUGAVENTURA. Actividades no medio acuático.

**3. ACTIVIDADES DE COMPETICIÓN**
3.1. COMPETICIÓNS INTERNAS
- Ligas universitarias:
Participación
Resultados: Fase Final Intercampus
- XI Torneo Intercentros
- Campionatos Individuais
- Campionatos P.D.I. e P.A.S.
3.2. COMPETICIÓNS INTERUNIVERSITARIAS
- Campionatos Galegos
Organización e Participación
Participación
- Campionatos de España
Fase Interzonal
Fase Final
- Campionatos do Mundo
- Xogos Galaico-Durienses
- Competicións P.D.I. e P.A.S.
Campionatos Galegos
II Torneo Nacional prof&P.A.S. F7

**4. SECCIÓNS FEDERADAS**
4.1. CAMPUS DE OURENSE
- Baloncesto
- Tenis
- Xadrez
4.2. CAMPUS DE PONTEVEDRA
- Ximnasia Aeróbica
4.3. CAMPUS DE VIGO
- Rugby
- Xadrez
- Tenis
- Triatlón
- Carreiras de Orientación

**5. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS**
5.1 USOS INTERNOS: COMUNIDADE UNIVERSITARIA
5.2 USOS EXTERNOS

**6. EVENTOS E ACTIVIDADES**
6.1. ORGANIZACIÓN POLO SERVIZO DE DEPORTES
6.2. SEDE DOUTROS EVENTOS
6.3. SEDE DOUTRAS ACTIVIDADES

**7. OUTROS SERVIZOS E VANTAXES**
7.1 TARXETA DEPORTIVA
7.2 DUE
7.3 SALAS CARDIO FITNESS

**8. ÚLTIMOS PROXECTOS**
8.1. ÁREA DE DEPORTE E SAÚDE
8.2. CAMPAÑA DE XADREZ NA ESCOLA
8.3. PISTA DE FOOTING

**9. DOSSIER DE PRENSA**

**10. DIRECTORIO E ENTIDADES COLABORADORAS**



## Óscar Rubiños López
### Vicerrector de Extensión Universitaria e Estudantes
### Vigo, 24 de xuño de 2006

A Universidade non so debe formar bos profesionais senón tamén persoas íntegras con valores como a solidariedade, o compañerismo, o respecto aos demáis, a honestidade, o espíritu crítico..., é dicir, debe "formar integralmente". Esta idea, recollida xa en 1898 no concepto Extensión Universitaria, é a que estivemos a defender dende a Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Estudantes. O Servizo de Deportes, parte importante dela, é fundamental para a consecución deste obxectivo. Os nosos estudantes deben facer seus os valores implícitos na práctica deportiva. **Practicar deporte** non é simplemente competición, é **un elemento socializador e integrador que axuda ao desenvolvemento persoal**:

Permite coñecer xente favorecendo, por unha banda, a convivencia e as relacións, e por outra, a integración na comunidade á que pertencemos.

Permite sentirnos mellor e máis felices, alonxándonos da depresión e axudándonos a ter máis enerxía, memoria e concentración.

Facilita a superación persoal: a través do entrenamento podemos facer cousas que antes non podiamos ser capaces de lograr.

Aprende a respectar ós nosos adversarios pola súa habilidade e esforzo en non pola súa cor, relixión ou nivel económico.

Aprende a ser respectuosos cos demáis: acatar unhas regras de competición e unhas normas de disciplina durante os entrenamentos é fundamental para que as competicións deportivas sexan posibles, pero o respecto ás normas tamén é esencial para a convivencia nas aulas, no traballo, na rúa ou nos ratos de lecer.

Esta foi a idea que marcou a liña fundamental de traballo da área de Deportes da Universidade de Vigo: **facilitar ós universitarios a práctica de calquer actividade deportiva sin que a súa condición física, económica, social ou cultural fose un impedimento** ("deporte para todos"). Para acadar este obxectivo, definimos unha mecánica de traballo baseada na reflexión -sobre o realizado para detectar erros e correxilos-, na consolidación -daquelo que funciona axeitadamente- e na innovación continua -para mellorar a calidade do servizo-.

Esta memoria que presentamos é fiel reflexo do anterior. Nela, atópanse as diferentes actividades desenvolvidas xunto cos datos de participación: unhas son actividades xa consolidadas ó longo dos anos; outras se puxeron en marcha por primeira vez neste curso 2005-06. Gostaríame salientar especialmente dúas:

a) o **programa DUE** de titorización de deportistas de alto nivel que trata de axudar ós deportistas considerados de alto nivel a compatibilizar a súa actividade deportiva de alta competición cos estudos universitarios –o primeiro programa destas características que se pon en marcha na nosa comunidade,

b) a creación dunha **unidade de deporte e saúde** que contribúa a mellora-la calidade de vida dos nosos universitarios de xeito que se poida facer un deseño personalizado de actividade física en función das necesidades, inquedanzas e características físicas de cada universitario. Trátase da primeira unidade destas características creada nunha universidade española que se complementará en vindeiros cursos cunha unidade de fisioterapia.

Estes datos unidos ó feito de que na Universidade de Vigo dispomos dun dos mellores e máis completos complexos deportivos de toda Galicia prácticamente a plena ocupación ( campos de fútbol de herba natural e artificial, tenis, squash, piscina climatizada, pavillóns polideportivos, salas de musculación e cardio-fitness, pista de atletismo, rocódromo, rugby e máis recentemente a pista de footing) fan que nos sintamos moi orgullosos do traballo desenvolvido.

Finalmente, quero aproveitar estas liñas para agradecer a todo o persoal que traballa no Servizo de Deportes o labor desenvolvido. O seu compromiso persoal fixo posible que este servizo acadara o nivel actual, algo que oito anos atrás, cando este equipo rectoral iniciou o seu mandato, sonaba a utopía. Foi un auténtico pracer compartir con eles esta etapa. Grazas de todo corazón.

## O SERVIZO DE DEPORTES

O Servizo de Deportes da Universidade de Vigo comezou a traballar no curso 1990-1991 e na actualidade está adscrito ao Vicerreitorado de Extensión Universitaria e Estudantes.

A estrutura organizativa e do persoal do Servizo establécese a partir das diferentes áreas de traballo, que implican ao funcionamento do Servizo no seu conxunto ou ben son específicas de cada un dos tres campus. O espazo de traballo xeral abarca as áreas de Administración e Coordinación, Deporte e Saúde e Comunicación e Promoción. No tocante aos ámbitos específicos de cada Campus inclúense as áreas de Instalacións, Preparación Física Personalizada, Competicións e Actividades de Formación e Recreación.

Os maiores esforzos do Servizo céntranse na motivación dos usuarios, tanto os actuais como os potenciais, para a práctica de exercicio físico-deportivo con regularidade e así, acadar as máximas cotas de participación. A oferta de servizos deportivos inclúe entre outros:

1. Xestión das instalacións deportivas propias. Programas de uso e mantemento das instalacións dos Campus de Ourense e Vigo. Control das reservas: usos programados e usos libres.
2. Programas de Actividades de Ocio-Formación (Escolas Deportivas; Roteiros Culturais; Cursos Curtos) e de Ocio-Recreación (Delecer: actividades de ocio e tempo libre; Augaventura: actividades no medio acuático).
3. Organización de Competicións Internas. Campionatos Individuais e de equipo (Ligas Universitarias, Torneo Intercentros, Campionatos PDI&PAS).
4. Coordinación e supervisión da participación en Competicións Interuniversitarias. Campionatos Galegos; Campionatos de España; Xogos Galaico-Durienses.
5. Organización e Promoción de eventos deportivos, competicións interuniversitarias; competicións federadas e eventos deportivos abertos á sociedade xeral.
6. Preparación Física Personalizada. Unidade de Adestramento Físico Personalizado e Unidade de Medicina Deportiva.
7. Axuda administrativa, técnica e promocional das Seccións Federadas.
8. Elaboración de programas de axuda a deportistas universitarios de elite.
9. Xestión de acordos e vantaxes coas entidades vinculadas co deporte: ximnasios, centros de fisioterapia, clubs deportivos etc.
10. Información e Atención ó usuario: tramitación da documentación; Atención ás suxestións, queixas e reclamacións; xestión das canles de comunicación.



## 1. ACTIVIDADES DE OCIO - FORMACIÓN

### 1.1. ESCOLAS DEPORTIVAS

Máis de 2000 persoas teñen practicado diferentes actividades deportivas no curso 2005/2006 a conta das Escolas Deportivas. Os cursos máis demandados son os de niveis básicos ou de iniciación, dato que deixa entrever a utilidade das Escolas Deportivas como primeiro punto de contacto con distintas disciplinas deportivas. Por actividades, as preferidas polos usuarios foron as distintas variantes do Aeróbic, Ioga e Natación. No caso concreto do Campus de Pontevedra hai que engadir Musculación ao listado.

**Duración: de novembro a maio.**

### CAMPUS DE OURENSE

| MODALIDADE DA ESCOLA | NÚMERO DE MATRICULADOS |
|---|---|
| AERÓBIC | 103 |
| AEROBOX | 18 |
| AQUAFITNESS | 34 |
| DANZA AERÓBICA | 24 |
| DANZA ORIENTAL | 26 |
| DEFENSA PERSONAL | 29 |
| IOGA | 35 |
| NATACIÓN | 8 |
| TAI CHI | 20 |
| TENIS | 26 |
| VOLEIBOL | 29 |
| WU - SHU | 6 |
| XADREZ | 4 |
| **TOTAL:** | **362** |

### CAMPUS DE PONTEVEDRA

| MODALIDADE DA ESCOLA | NÚMERO DE MATRICULADOS |
|---|---|
| AERÓBIC | 110 |
| BAILES DE SALÓN | 13 |
| CAPOEIRA | 5 |
| IOGA | 16 |
| KUNG FU | 11 |
| MUSCULACIÓN - FITNESS | 118 |
| NATACIÓN | 32 |
| POWER PUMP | 15 |
| POWER TONO | 5 |
| TAEKWONDO | 2 |
| TAI CHI | 29 |
| WELLNESS | 6 |
| XIMNASIA DE MANTEMENTO | 2 |
| **TOTAL:** | **406** |








### CAMPUS DE VIGO

| MODALIDADE DA ESCOLA | NÚMERO DE MATRICULADOS |
|---|---|
| AERÓBIC | 112 |
| AERÓBIC STEP | 95 |
| AEROBOX | 60 |
| AERODANCE | 28 |
| AEROTONO | 2 |
| AIKIDO | 27 |
| AQUAGYM | 41 |
| BAILES DE SALÓN | 34 |
| BODY PUMP (POWER) | 42 |
| BODY TONO | 2 |
| CAPOEIRA | 41 |
| DANZA DO VENTRE / DANZA ORIENTAL | 86 |
| FULL CONTACT | 21 |
| G.A.P. | 115 |
| G.A.P. ACUÁTICO | 27 |
| G.A.P. TONIFICACIÓN | 17 |
| IOGA | 100 |
| IUDO | 6 |
| JIU-JITSU | 15 |
| KENDO | 5 |
| KICK BOXING | 21 |
| NATACIÓN | 92 |
| PADEL | 29 |
| SPINNING | 31 |
| SQUASH | 11 |
| STEP | 29 |
| STEP-BOX | 4 |
| TAEKWONDO | 29 |
| TAI CHI | 50 |
| TENIS | 79 |
| WU-SHU SANDA | 2 |
| XIMNASIA DE MANTEMENTO | 18 |
| XIMNASIA DE MANTEMENTO-GAP-CIRCUITOS | 1 |
| **TOTAL:** | **1272** |

**TOTAL ESCOLAS: 2040**





## 1.2. CURSOS CURTOS

O Servizo de Deportes completa a súa oferta de actividades dirixidas por medio dos Cursos Monográficos. Clasificamos os cursos en dúas categorías segundo a súa función principal: Dun lado están aqueles que afondan en disciplinas minoritarias, servindo como primeira toma de contacto para os usuarios. Doutra banda, están os que inciden en actividades que xa son populares, baixo novos enfoques. Na presente temporada organizáronse 9 cursos curtos.

**Duración: de outubro a xuño.**

CAMPUS DE OURENSE
- Puenting (13 de maio) 6 inscritos.
- Curso de Mergullo: Bautismo e Open Water Diver (16 de maio a 16 de xuño) 5 inscritos.

CAMPUS DE VIGO
- Ioga (mes de outubro) 20 inscritos.
- Surf (19 de novembro a 11 de decembro) 8 inscritos.
- Escalada (26 de novembro a 11 de decembro) 6 inscritos.
- Tenis en Familia (10 de xaneiro a 1 de xullo) 21 inscritos.
- Xadrez. Clases Gratuítas (27 de xaneiro a 2 de xullo) 28 participantes.
- Escalada de Perfeccionamento (11 de febreiro a 19 de febreiro) 8 inscritos.
- Ioga para as Costas (01 de xuño a 30 de xuño) 14 inscritos.

TOTAL CURSOS CURTOS: 116





## 2. ACTIVIDADES DE OCIO - RECREACIÓN

### 2.1. ROTEIROS CULTURAIS

Os roteiros culturais reuniron a máis de 350 usuarios para que gozasen da riqueza cultural e natural das paisaxes galegos dun modo saudable. Nas rutas a pé, de entre 10 e 25Km, os participantes coñeceron todos os detalles históricos e ecolóxicos de boca de guías especializados. Un profesor e un bolseiro da Fac. de Historia encargáronse da parte cultural, e un guía e un bolseiro da Fac. de Ciencias da parte natural.

Un total de nove saídas por algúns dos recunchos con máis encanto da Provincia de Ourense seduciron aos camiñantes deste ano. Como aliciente extra, os estudantes puideron conseguir un crédito de libre elección por cada tres roteiros.

**Duración: de novembro a maio.**

| ROTEIRO | INSCRITOS | DATA |
|---|---|---|
| CASTRO DE SANTO TOMÉ E A CHABASQUEIRA | 61 | 19.11.05 |
| MOSTEIRO DE SAN PEDRO DE ROCAS | 53 | 03.12.05 |
| MOSTEIRO DE OSEIRA | 23 | 21.01.06 |
| RUTA DO RIBEIRO | 37 | 25.02.06 |
| MOSTEIRO DE SANTO ESTEVO | 38 | 25.03.06 |
| RUTA DA RIBEIRA SACRA | 31 | 01.04.06 |
| SERRA DO XURÉS | 53 | 29.04.06 |
| SAN MAMEDE E MOSTEIRO DE MONTEDERRAMO | 30 | 06.05.06 |
| RUTA DO RÍO ARNOIA | 41 | 13.05.06 |
| TOTAL ROTEIROS: 367 | | |

### 2.2. DELECER. DEPORTE PARA O TEMPO LIBRE

A filosofía DELECER nace da suma de deporte, diversión e contacto coa natureza a partes iguais. Baixo esta premisa, ano tras ano consolídanse actividades como o golf, o parapente ou a equitación. Nesta edición incorporouse como novidade o paracaidismo.

**Duración: meses de marzo e abril.**

| CAMPUS DE OURENSE | Inscritos |
|---|---|
| Golf | 13 |
| Rappel Voado | 7 |
| TOTAL: | 20 |
| CAMPUS DE VIGO | |
| Puenting | 42 |
| Paracaidismo | 12 |
| Golf | 5 |
| Parapente | 7 |
| TOTAL: | 66 |
| TOTAL DELECER: | 86 |



## 2.3. AUGAVENTURA. ACTIVIDADES NO MEDIO ACUÁTICO

Augaventura chega á sexta edición en plena forma. Os excelentes recursos acuáticos galegos son a mellor carta de presentación do programa. Ofrécese unha alternativa de ocio que pensa en positivo: dá a coñecer a capacidade lúdica do medio marítimo e fluvial, potencia a práctica deportiva, divirte e ensina. Neste curso Augaventura botou man das novas tecnoloxías no curso de Patrón de Embarcacións de Recreo (P.E.R.) por Internet; e outra das novidades importantes foi a concesión de dous créditos de libre elección ás persoas que realizaron o Curso de Mergullo.



**Duración: de marzo a xuño.**

| CAMPUS DE VIGO | Inscritos |
|---|---|
| Rafting | 20 |
| Curso de windsurf | 2 |
| Curso de catamarán | 4 |
| Curso de mergullo | 17 |
| Patrón de Embarcacións de Recreo (Internet). | 2 |
| TOTAL AUGAVENTURA: | 45 |









# 3. ACTIVIDADES DE COMPETICIÓN

## 3.1. COMPETICIÓNS INTERNAS

O espírito de competición anima ás persoas a dar o mellor de si. O espírito de competición deportiva consegue, ademais, unha actividade física regular e os beneficios para a saúde que se derivan desta.

**• Ligas Universitarias**

Máis de 3500 xogadores en máis de 200 equipos fan das Ligas Universitarias a actividade con meirande participación de todas as organizadas polo Servizo de Deportes. As categorías con maior popularidade son o fútbol e o baloncesto.

**Duración: de novembro a marzo.**

Participación

| CAMPUS DE OURENSE | | |
|---|---|---|
| Fútbol sala feminino | 4 equipos | 48 xogadoras |
| Fútbol sala masculino | 40 equipos | 480 xogadores |
| Fútbol 11 masculino | 6 equipos | 108 xogadores |
| Baloncesto feminino | 1 equipo | 12 xogadoras |
| Baloncesto masculino | 8 equipos | 96 xogadores |
| Balonmán masculino | 1 equipos | 14 xogadores |
| Voleibol feminino | 1 equipo | 12 xogadoras |
| Voleibol masculino | 1 equipos | 12 xogadores |
| Rugby masculino | 2 equipos | 24 xogadores |
| TOTAL OURENSE: | 64 equipos | 806 xogadores |

| CAMPUS DE PONTEVEDRA | | |
|---|---|---|
| Fútbol sala feminino | 2 equipo | 24 xogadoras |
| Fútbol sala masculino | 22 equipos | 264 xogadores |
| Fútbol 7 | 12 equipos | 192 xogadores |
| Baloncesto feminino | 2 equipo | 24 xogadoras |
| Baloncesto masculino | 3 equipo | 36 xogadores |
| Balonmán Masculino | 1 equipo | 14 xogadores |
| Voleibol mixto | 6 equipos | 72 xogadores |
| TOTAL PONTEVEDRA: | 48 equipos | 626 xogadores |

| CAMPUS DE VIGO | | |
|---|---|---|
| Fútbol sala feminino | 7 equipos | 84 xogadoras |
| Fútbol sala masculino | 65 equipos | 780 xogadores |
| Fútbol 7 masculino | 89 equipos | 1068 xogadores |
| Baloncesto masculino | 22 equipos | 264 xogadores |
| Voleibol mixto | 7 equipos | 84 xogadores |
| Balonmán masculino | 4 equipos | 56 xogadores |
| Rugby masculino | 1 equipo | 12 xogadores |
| TOTAL VIGO: | 195 equipos | 2348 xogadores |

TOTAL PARTICIPANTES LIGAS: 3780

• **Resultados: Fase Final Intercampus**

O 7 de marzo o Campus de Pontevedra congregou aos cabezas de serie dos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo na Final Intercampus. Durante todo un día de competición, máis de 300 xogadores enfrontáronse para proclamarse campións de liga nas modalidades de: Baloncesto, balonmán, fútbol 7, fútbol sala, voleibol e rugby.

Os equipos que se fixeron co triunfo en cada disciplina representaron á Universidade de Vigo no Campionato Galego de Deportes de Equipo.



**- Baloncesto masculino:**

1º Posto: Turkos (Campus de Pontevedra)
2º Posto: Tirachinas (Campus de Vigo)

**- Balonmán masculino:**

1º Posto: Cuviplástika (Campus de Vigo)
2º Posto: Los Jefes (Campus de Pontevedra)



**- Fútbol 11 masculino:**

1º Posto: Os Cochos (Campus de Vigo)
2º Posto: Spectra de Moscú (Campus de Vigo)

**- Fútbol sala feminino:**

1º Posto: Las Jefas (Campus de Pontevedra)
2º Posto: Os Ánxeles (Campus de Ourense)

**- Fútbol sala masculino:**

1º Posto: 5mentarios (Campus de Pontevedra)
2º Posto: Televigo (Campus de Ourense)




**- Rugby 7 masculino:**

1º Posto: Yo y 6 más (Campus de Ourense)
2º Posto: Vigo (Campus de Vigo)

**- Voleibol feminino:**

1º Posto: Las Jefas (Campus de Pontevedra)
2º Posto: Las Chungas de Ourense (Campus de Ourense)

**- Voleibol masculino:**

1º Posto: Sin Gluten (Campus de Vigo)
2º Posto: Gato Volador (Campus de Ourense)

• **XI Torneo Intercentros**

O Torneo Intercentros recolle o testigo das Ligas Universitarias para seguir xogando en equipo. Entre o 18 de abril e o 10 de maio, a confrontación foi entre agrupacións de membros da mesma Facultade ou Centro. Á final do 16 de maio no Campus de Vigo chegaron os mellores de cada Campus.

Coincidindo coa Final do XI Torneo Intercentros celebrouse a XV Festa do Deporte, o acto no que o Servizo de Deportes agasalla a ganadores de ligas universitarias e deportistas destacados da tempada.

**Duración: do 18 de abril ao 16 de maio.**



Os ganadores do XI Torneo Intercentros foron:

**- Baloncesto masculino:**

1º Posto: Fac. CC. Xurídicas (Campus de Vigo)
2º Posto: Fac. Humanidades (Campus de Ourense)

**- Balonmán masculino:**

1º Posto: Fac. CC. Económicas e Empresariais (Campus de Vigo)
2º Posto: Fac. CC. Educación (Campus de Pontevedra)

**- Fútbol 11 masculino:**

1º Posto: Fac.CC. Empresariais e Turismo (Campus de Ourense)
2º Posto: Fac. CC. Educación (Campus de Pontevedra)

**- Fútbol sala feminino:**

1º Posto: Fac. Ciencias (Campus de Ourense)
2º Posto: Fac. CC. Educación (Campus de Pontevedra)

**- Fútbol sala masculino:**

1º Posto: Fac. CC. Educación (Campus de Pontevedra)
2º Posto: Fac. CC. Educación (Campus de Ourense)

**- Voleibol masculino:**

1º Posto: E.T.S. Enxeñeiros de Minas (Campus de Vigo)
2º Posto: Fac. CC. Educación (Campus de Pontevedra)

**TOTAL PARTICIPANTES NAS FINAIS: 226**
**TOTAL PARTICIPANTES EN INTERCENTROS: 1138**



• Campionatos Individuais

**Duración: marzo e abril.**

- Tenis de Mesa (7 abril 2006):
1º Posto: Jesús Dapena
2º Posto: Gonzalo Carabaña
**Total Participantes: 30**

- Tenis (27 marzo - 7 de abril):
**Categoría Feminina**
1º Posto: Nerea Santomé Pereira
2º Posto: Eva Alves Comesaña
**Categoría Masculina**
1º Jaime Barral Casal
2º Víctor García Domínguez
**Total Participantes: 37 (29H + 8M)**

- Xadrez ( 5 -6 de abril 2006):
1º Posto: Manuel Vidal del Río
2º Posto: Iago Prol Nogueira
**Total Participantes: 18**



TOTAL CAMPIONATOS INDIVIDUAIS: 85

• Campionatos P.D.I. e P.A.S.
O tempo de competición tamén chega para o persoal; profesores e persoal administrativo saltan ao campo nos campionatos P.D.I. e P.A.S. Os equipos ganadores de cada modalidade representan á Universidade de Vigo no Campionato Galego Universitario para PDI e PAS que cada ano enfronta ás tres universidades galegas.

- FÚTBOL 7 MASCULINO
Participaron seis equipos, 72 xogadores
Ganadores: 1º. Teleco 2º. Deportes

- BALONCESTO MASCULINO
Participaron tres equipos, 36 xogadores
Ganadores: 1º.Teleco 2º. Ciencias

TOTAL PARTICIPANTES PDI e PAS: 120

## PARTICIPANTES COMPETICIÓNS INTERNAS

| CAMPIONATO | NÚMERO DE PARTICIPANTES |
|---|---|
| LIGAS UNIVERSITARIAS - INTERCENTROS | 3780 |
| COMPETICIÓNS INDIVIDUAIS | 85 |
| CAMPIONATO PDI E PAS | 120 |
| TOTAL: | 3985 |



## 3.2. COMPETICIÓNS INTERUNIVERSITARIAS

### 3.2.1. CAMPIONATOS GALEGOS
Esta competición enfronta a representantes das tres universidades galegas tanto en deportes de equipo como individuais.

**Duración: de xaneiro a abril.**

• Organización e Participación

I DUATLÓN DE MONTAÑA "UNIVERSIDADE DE VIGO"
Vigo, 18 de febreiro de 2006.

Preto de **90 triatletas** enfrontáronse aos 7,5Km de carreira a pé e 20Km de carreira en bicicleta de montaña polos que discorreu a proba. O encontro, ademais de Campionato Galego Universitario, foi tamén proba valedoira do Circuíto Galego Federado de Triatlón.

Á dureza do percorrido previsto, sumáronse dificultades externas en forma de temporal de vento e chuvia, o que condicionou as marcas dos corredores: o máis rápido fixo un tempo de 1h 25' 57''.

Podio universitario:
1º Roberto Martínez Trigo - Universidade da Coruña
2º Martín Pazó Pazó - Universidade de Vigo
3º Francisco Javier Iglesias Prado - Universidade de Santiago.

CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE VOLEI PRAIA
Vigo, 6 de abril de 2006

A praia do Vao acolleu o Campionato Galego Universitario de Volei Praia onde se enfrontaron ata **66 deportistas**, 33 parellas, representando ás Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo. A Universidade de Vigo conseguiu facerse co primeiro posto na categoría masculina.

Podio Feminino:
1º Durán - Álvarez (U. A Coruña)
2º Cruz - Vázquez (U. Vigo)
3º Adra - Piñeiro (U. Santiago de Compostela)

Podio Masculino:
1º RGUEZ - RGUEZ (U. Vigo)
2º AGRASO - LAGO (U. A Coruña)
3º VIDAL - ABALO (U.Santiago de Compostela)





• Participación

## CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE CAMPO A TRAVÉS

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2006.

A Granxa do Xesto - Monte Pedroso de Santiago de Compostela reuniu a 37 corredores na puxa polo título de Campión Galego Universitario e a 20 máis fora de concurso.

Os deportistas da Universidade de Vigo rozaron o podio cunha cuarta posición na categoría feminina e o quinto, sexto e sétimo lugar na masculina. A Universidade de Santiago de Compostela fixo un gran papel no Campionato alzándose co primeiro e o segundo posto tanto na competición feminina como na masculina.

### Podio Feminino:

1ª Suzanne Elise Hasler (U. Santiago de Compostela)
2ª Alicia Folgar Torres (U. Santiago de Compostela)
3ª Andrea García Soage (U. A Coruña)
**4ª Sara Pérez Rodríguez (U. Vigo)**

### Podio Masculino:

1º Santiago Curto Fente (U. Santiago de Compostela)
2º Carlos Villamor Castiñeiras (U. Santiago de Compostela)
3º José Seoane Sánchez (U. A Coruña)
**5º Pablo Díaz López (U. Vigo)**
**6º Luis Calvo Castro (U. Vigo)**
**7º Alberto Asensio Campazas (U. Vigo).**

## CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE ORIENTACIÓN

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2006

Os deportistas de orientación coincidiron na Granxa do Xesto - Monte Pedroso cos corredores de Campo a Través. Entre o elevado número de participantes, 217 persoas, destacou a presencia dun centenar de escolares que participaban fora de concurso.

No percorrido de máis de 4Km que fixeron as damas universitarias a Universidade de Vigo ocupou o quinto e o sexto posto como mellores marcas, na categoría de homes o mellor tempo foi o de Alberto Asensio: 00:53:21.

### Podio Damas:

1ª Mª del Mar Torrón Ramos (U. Santiago de Compostela)
2ª Iria Rodríguez Pérez (U. Santiago de Compostela)
3ª Vanesa Rial López (U. A Coruña)
**5ª Isabel Santos Pastoriza (U. Vigo)**
**6ª Carlota Veiga Lorenzo (U. Vigo)**

### Podio Homes:

1º Juan José Sancosme Vázquez (U. A Coruña)
2º Alberto Arufe Varela (U. A Coruña)
3º Eugenio Rodríguez Núñez (U. Santiago de Compostela)
**4º Alberto Asensio Campazas (U. Vigo)**



## CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE DEPORTES DE EQUIPO

A Coruña, 9 de marzo de 2006

O ganadores das Ligas Universitarias clasifícanse cada ano para este Campionato que na súa IX Edición, enfrontou a 380 representantes das universidades galegas en once modalidades deportivas. A Universidade de Vigo logrou a vitoria en sete modalidades: Baloncesto feminino e masculino, balonmán feminino e masculino, rugby feminino e masculino e voleibol masculino.

### Clasificacións:

**Baloncesto Feminino:**
1º U. Vigo
2º U. Santiago de Compostela
3º U. A Coruña

**Baloncesto Masculino:**
1º U. Vigo
2º U. Santiago de Compostela
3º U. A Coruña.

**Balonmán Feminino:**
1º U. Vigo
2º U. Santiago de Compostela

**Balonmán Masculino:**
1º U. Vigo
2º U. A Coruña
3º U. Santiago de Compostela

**Fútbol 11:**
1º U. Santiago de Compostela
2º U. A Coruña
3º U. Vigo

**Fútbol Sala Feminino:**
1º U. Santiago de Compostela
2º U. Vigo
3º U. A Coruña

**Fútbol Sala Masculino:**
1º U. A Coruña
2º U. Vigo
3º U. Santiago de Compostela

**Rugby Feminino:**
1º U. Vigo
2º U. A Coruña

**Rugby Masculino:**
1º U. Vigo
2º U. A Coruña

**Voleibol Feminino:**
1º U. A Coruña
2º U. Santiago de Compostela
3º U. Vigo

**Voleibol Masculino**
1º U.Vigo
2º U. Santiago de Compostela
3º U. A Coruña.







## CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE ATLETISMO

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2006

A Universidade de Vigo fíxose cun total de 13 metais nas 17 modalidades que entraron en competición: catro ouros, seis pratas e 3 bronces.






### Categoría feminina

Medalla de **ouro**
- Olalla Cortizas Varela (400 metros lisos).

Medalla de **prata**
- Olalla Cortizas Varela (100 metros lisos).

### Categoría masculina

Medallas de **ouro**
- Ángel Sousa Rodríguez (110 metros vallas).
- Pablo Rodríguez Gómez (Pértega).
- Roberto Alonso Silva (Disco).

Medallas de **prata**
- Rogelio Santos Laíño (lonxitude).
- Daniel Fernández Varela (1.500 metros lisos).
- Gonzalo Porto Pazos (400 metros lisos).
- Jorge Rodríguez Coma (Disco).
- Pablo Brieba (4x100 metros lisos)
- Pablo Rodríguez (4x100 metros lisos)
- Jorge Rodríguez (4x100 metros lisos)
- Roberto Alonso (4x100 metros lisos)

Medallas de **bronce**
- Miguel Touriño Soler (lonxitude).
- Jorge Rodríguez Coma (110 metros vallas).
- Manuel Martínez Paz (Disco).

### PARTICIPANTES CAMPIONATOS GALEGOS:

**USC + UDC + UVI**

| CAMPIONATO | NÚMERO DE PARTICIPANTES |
|---|---|
| DUATLÓN DE MONTAÑA | 90 |
| VOLEI PRAIA | 66 |
| CAMPO A TRAVÉS | 57 |
| ORIENTACIÓN | 217 |
| DEPORTES DE EQUIPO | 380 |
| ATLETISMO | 48 |
| **TOTAL:** | **858** |



## 3.2.2. CAMPIONATOS DE ESPAÑA

### FASE INTERZONAL

Os equipos que resultaron ganadores no Cto. Galego de Deportes de Equipo, disputado o 9 de marzo no Campus da Coruña, tiveron que xogarse a clasificación para os Campionatos de España nas Fases Interzonais celebradas durante o mes de abril en distintas cidades españolas.

**Baloncesto Feminino**

Ourense; 4,5 e 6 de abril de 2006.
1º. Universidade de Vigo.
2º. Universidade de Deusto.
3º. Universidade San Pablo Ceu.

**Baloncesto Masculino**

Madrid, 4,5 e 6 de abril de 2006.
1º. Juan Carlos I
2º. Universidade de Vigo.
3º. Universidade Pais Vasco

**Balonmán Feminino**

Pontevedra; 3,4 e 5 de abril de 2006.
1º. Universidade de León.
2º. Universidade de Vigo.
3º. Universidade de La Rioja

**Balonmán Masculino**

Madrid, 4,5 e 6 de abril de 2006.
1º. Universidade de Vigo
2º. Universidade País Vasco
3º. Universidade Alfonso X

**Rugby Masculino**

Ourense; 4,5 e 6 de abril de 2006.
1º. Universidade Autónoma de Madrid.
2º. Universidade Mondragón.
3º. Universidade de Vigo.

**Voleibol Masculino**

Vigo; 3,4 e 5 de abril de 2006.
1º. Universidade de Alcalá.
2º. Universidade de Vigo.
3º. Universidade País Vasco.







## FASE FINAL

Os Campionatos de España Universitarios 2006 celebráronse en Madrid, a excepción da competición de Taekwondo que acolleu Valencia e a de Volei Praia celebrada en Murcia. O equipo da Universidade de Vigo compúxose de 124 deportistas que acadaron un total de 21 medallas: 7 ouros, 2 pratas e 12 bronces.

### Atletismo:

Madrid, do 5 ao 7 de maio de 2006.

| | |
|---|---|
| Ouro. 1500m lisos. | **Víctor Riobó.** |

### Iudo:

Madrid, do 5 ao 7 de maio do 2006.

| | |
|---|---|
| Ouro. <73Kg. | **Miguel Romero.** |
| Prata. >78Kg. | **Rocío Fernández.** |

### Kárate

Madrid, do 12 ao 14 de maio de 2006.

| | |
|---|---|
| Bronce. Kumité <70Kg. | **Moisés Rodríguez.** |

### Natación

Madrid, do 10 ao 13 de maio de 2006

| | |
|---|---|
| Ouro. 800m libres. | **Carlota Recio.** |
| Prata. 100m libres. | **Carlota Recio.** |
| Bronce. 200m estilos. | **Carlota Recio.** |
| Bronce. 400m libres. | **Mª Alejandra Prieto.** |
| Bronce. 100m mariposa. | **Mª Alejandra Prieto.** |
| Bronce. 50m braza. | **Tatiana Domínguez.** |
| Bronce. 400m libres. | **Asier Eneriz.** |

### Taekwondo

Valencia, do 24 ao 26 de marzo de 2006

| | |
|---|---|
| Ouro. Peso Mosca. | **Nazareth Tilve.** |
| Ouro. Peso Pluma. | **Leticia Santos.** |
| Bronce. Peso Minimosca. | **Alicia Pena.** |
| Bronce. Peso Galo. | **Mª Rebeca Mariño.** |
| Ouro. Peso Galo. | **David Vidal.** |
| Bronce. Peso Minimosca. | **Bruno García** |
| Bronce. Peso Pluma. | **David López.** |
| Bronce. Peso Pesado. | **Pablo Casares.** |

Ouro por equipos:

- **Paula Barrio**
- **Pablo Casares**
- **Bruno García**



- **Ruth Iglesias**
- **Raquel Leirós**
- **David López**
- **Rebeca Mariño**
- **Alicia Pena**
- **Francisco Santiago**
- **Leticia Santos**
- **Nazareth Tilve**
- **David Vidal**



### Tenis

Madrid, do 23 ao 27 de abril de 2006

| | |
|---|---|
| Bronce. Dobres Mixto. | **Nerea Santomé e Carlos Rivas.** |

A Universidade de Vigo tamén participou nas seguintes modalidades: **Bádminton; Baloncesto Feminino; Balonmán Masculino; Campo a Través; Golf; Orientación; Padel; Rugby Feminino; Tenis de Mesa; Triatlón; Volei Praia e Xadrez.**

### TOTAL CAMPIONATOS DE ESPAÑA

| CAMPIONATO | NÚMERO DE REPRESENTANTES |
|---|---|
| INTERZONAIS | 75 |
| FASE FINAL | 124 |
| **TOTAL:** | **199** |



### 3.2.3. CAMPIONATOS DO MUNDO

A excelente actuación do equipo de Taekwondo da Universidade de Vigo no Campionato de España Universitario foi recoñecida pola Selección Española. Tres dos membros do equipo foron convocados para participar no Campionato do Mundo Universitario de Taekwondo que se celebrou en Valencia, e no que participaron deportistas de 56 países. Un dos nosos taekwondistas conseguiu subir ao podio desta universiada na terceira posición do peso minimosca.

**Taekwondo**

Valencia, do 17 ao 20 de maio de 2006.

Bronce. Peso minimosca. **Bruno García**

Canda el estiveron tamén convocados pola selección os estudantes da Universidade de Vigo Leticia Santos e David Vidal.

### 3.2.4. XOGOS GALAICO DURIENSES

A Universidade da Coruña foi a encargada de organizar a XX Edición dos Xogos Galaico - Durienses, que se celebraron os días 22, 23 e 24 de novembro de 2005. Esta competición enfrontou ás tres universidades galegas (A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo) e ás universidades portuguesas de Minho, Porto e UTAD (Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro) en sete modalidades deportivas: Baloncesto Mixto; Voleibol Mixto; Fútbol 7 Mixto; Escalada Feminino e Masculino; Tenis Feminino e Masculino; Bádminton Feminino e Masculino e Xadrez.

A Universidade de Vigo fíxose co primeiro posto en Voleibol e o segundo en Baloncesto. Na clasificación xeral a anfitriona Universidade de Coruña foi a vencedora por puntos.

Clasificación Xeral:

1°. Universidade da Coruña.
2°. Universidade de Santiago de Compostela.
3°. Universidade de Vigo.
4°. Universidade de Porto.
5°. Universidade de Minho.
6°. Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro



**REPRESENTANTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO: 51**

### 3.2.5. COMPETICIÓNS P.D.I. E P.A.S.

**CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO**

Pontevedra, 30 de maio de 2006.

**Modalidades: Fútbol 7 Masculino, Fútbol Sala Feminino e Baloncesto Masculino.**

**Fútbol Sala Feminino:**

1°. Universidade de Santiago de Compostela.
2°. Universidade de Vigo.



**Baloncesto Masculino:**

1°. Universidade de Vigo.
2°. Universidade de Santiago de Compostela

**Fútbol 7 Masculino:**

1°. Universidade de Vigo - Deportes.
2°. Universidade da Coruña - Ciencias.
3°. Universidade da Coruña - Deportes.

**REPRESENTANTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO: 46**

**II TROFEO F7 prof&PAS.**

Fuenlabrada, do 2 ao 5 de xullo de 2006.

A Universidade Rei Juan Carlos I organizou a segunda edición do Trofeo Nacional de Fútbol7 que enfrontou a 13 universidades públicas e privadas.
A Universidade de Vigo rematou no 3º posto da táboa clasificatoria.

**Clasificación final:**

1°. Universidade de Murcia
2°. Universidade Politécnica de Madrid.
**3°. Universidade de Vigo.**

**REPRESENTANTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO: 14**



# 4. SECCIÓNS FEDERADAS

## 4.1. CAMPUS DE OURENSE

### Baloncesto

O campus ourensán conta con dous equipos federados, un en categoría masculina e outro en feminina. Ambos os dous acadaron importantes vitorias na presente tempada, as máis destacadas foron:

**Categoría masculina**

Na tempada 2005-06 o Club Universidade Campus Ourense conseguiu o ascenso a 1ª División Nacional. O equipo dirixido por Augusto Estévez completaba así unha tempada histórica, na que acadou o primeiro posto en todas as fases clasificatorias e na fase final.

**Categoría feminina**

Ao igual que os mozos, o equipo feminino de Millán conseguiu tamén o ascenso, consolidadando a gran tempada do Universidade Campus Ourense. Elas pasan da categoría Senior Zonal Feminina a 1ª División Autonómica Feminina.

### Tenis

A Sección Federada de Tenis do Campus de Ourense conta con catro equipos nas seguintes categorías:

**Equipos Absoluto Masculino**

Participou na 3ª División da Federación Galega de Tenis na que se clasificou como primeiro de grupo, e para a promoción polo ascenso. Na loita dos play off contra o Liceo Casino de Pontevedra, ganaron 4/3 na casa e perderon polo mesmo resultado como visitantes. A eliminatoria por número de sets ganados definiuse a favor dos de Pontevedra.

**Equipos infantil feminino**

Na 1ª División do Campionato Galego disputaron a final de consolación na que perdeu ante o Club de tenis O Rial de Vilagarcía por 2/1.

**Equipos cadetes mixtos**

Ao igual que os infantís, os cadetes remataron a temporada na 1ª División do Campionato Galego disputando a final de consolación co Club de Tenis O Rial de Vilagarcía. O mesmo número de vitorias levou a un desempate a favor do Rial polo número total de xogos.

**Equipos veteranos masculinos**

Por primeira vez o equipo xogaba na 2ª categoría galega; realizou unha competición digna de destacar superando a equipos con máis rodaxe nesta competición.

**Outros feitos**

No ano 2005, a Federación Galega de Tenis recoñeceu a labor do Club universitario nomeando ao xogador infantil Pablo Mosquera mellor xogador da provincia de Ourense en todas as categorías.

Por cuarto ano consecutivo o Club organizou o "IV Torneo Universitario de Tenis" con tres categorías abertas (cadete masculino, júnior masculino e feminino). Neste encontro, Pablo Mosquera, xogador do cadete masculino e Raquel Guede do júnior feminino conseguiron a vitoria ante os xogadores máis destacados do circuíto galego.



### Xadrez

Os equipos de Xadrez que representan ó Campus Ourense mantivéronse nas súas respectivas categorías. O equipo de 2ª División Galega, no Grupo D mantén a categoría que lograra a tempada pasada; rematou no 10º posto. O equipo de 3ª rematou 9º no Grupo G.

## 4.2. CAMPUS DE PONTEVEDRA

### Ximnasia aeróbica

A Sección Federada da Universidade de Vigo demostrou un ano máis o alto nivel dos 28 ximnastas que forman o equipo na súa participación no "XI Campionato de España de Aeróbic" celebrado en El Ejido (Almería).

Na categoría **Grupos Promoción Adultos Feminino** a o Club da Universidade de Vigo proclamouse Campión de España, título que xa conseguira no 2004. As artífices desta vitoria foron: Susana, Tamara, Eva, Paula, Blanca, Iria e María.

Nas categorías Absolutas o equipo tamén acadou moi boas posicións:

· 5º posto. Trío Seniors. Rosana Fernández; Tamara Rial e Mónica Camiño.
· 11º posto. Individual Feminina Senior. Mónica Camiño.

**Outras actividades**

O equipo colaborou na organización do II Maratón de Aeróbic Solidario de Pontevedra e nas actividades da Festa HQR do Diario de Pontevedra.







## 4.3. CAMPUS DE VIGO

### Rugby

Cada un dos cinco equipos que conforman a Sección de Rugby da Universidade de Vigo traballaron e ilusionaron co seu bo facer ao longo desta tempada.

As rapazas do **Senior Feminino** proclamáronse subcampionas da Liga Galega e sorprenderon ganando a Copa Xunta de Rugby que se disputaban coas campionas de Liga.

O Club conseguiu outro subcampionato na Liga Rexional (Asturias e Galicia) co traballo do equipo **Cadete Masculino**.

O equipo **Xuvenil Masculino** proclamouse por segundo ano consecutivo Campión de Liga e Campión da Copa Xunta. Clasificáronse para a fase de ascenso do Campionato de España Xuvenil, na que chegaron aos cuartos de final.

O **Senior B Masculino** mantén a categoría na 1ª División Nacional – División rexional Galega na que rematou no 5º posto.

O **Senior A Masculino** mantivo en vilo aos afeccionados vigueses toda a tempada. A súa xenial actuación na División de Honra B levounos a clasificarse para a fase de ascenso á División de Honra A. Os de Vigo remataron segundos nos play off, rabuñando o ascenso e tomando nota da experiencia para tentar subir o ano próximo. Na Copa da Xunta de Rugby proclamáronse Campións.

**Outros feitos**

O capitán do equipo Senior A Masculino, Ignacio Gutiérrez, foi convocado pola Selección Nacional Sub'20 para xogar os Campionatos de Europa de Rugby.

**Canteira**

O Club dedicou un importante esforzo a xerar canteira, o programa **Rugby Cole** reuniu cada venres tarde a preto de 30 rapaces, para o que foi preciso habilitar transporte ata o Campus de Vigo, lugar onde adestran. A meirande parte dos xogadores do equipo de Cadetes provén do Rugby Cole.

### Xadrez

O equipo "Universidade de Vigo" fixo un gran papel na súa primeira temporada na División de Honra Galega; tralo quinto posto conseguido está un balance de 8 xornadas de liga ganadas, unha empatada e tan só dúas perdidas. A medio punto quedaron os vigueses de clasificarse para a rolda de acceso ao Campionato de España Absoluto.

Nesta tempada 2005-2006 a Sección de Xadrez comezou unha andadura con outro equipo na Terceira División, o "UVigo-Xadrez Galego". O equipo, formado por escolares, tivo unha envexable traxectoria ao longo da tempada que o fixo ascender á Segunda División Galega.
Os membros do Club de Xadrez "Universidade de Vigo" acadaron tamén importantes triunfos noutras competicións:

**Campionato de España Absoluto.** Lorca, novembro de 2005. O capitán do "Universidade de Vigo", Pablo García Castro, foi o primeiro galego clasificado para a final desta competición.

**Campionato Galego Sub'14.** Mondariz, 25 e 26 de abril de 2006.
- Campión. Miguel Senlle.



**Campionato Galego Sub'18.** Mondariz, 25 e 26 de abril de 2006.
- Campión. Manuel Pena.

**Campionato Galego Sub'16.** Padrón, do 10 ao 12 de abril de 2006.
- Subcampión. Miguel Senlle.
- 7º. Daniel Vila.
- 20º. Marco Pardavila.
- 26º. Rubén Alonso.

**Campionato Galego Absoluto.** Padrón, do 10 ao 12 de abril de 2006.
- Subcampión. Manuel Pena.

**III Festival de Xadrez de Semana Santa da Escola Kasparov-Marcote.** Mondariz, do 10 ao 12 de 2006.
- Campión Categoría Amateur. Xaime García

**Torneo Internacional de San Sebastián.** Donosti, do 10 ao 12 de abril 2006.
- 22º. Diego Guerra.
- 26º. Rafael Rodríguez.

**XXXIII Torneo Internacional da Roda.** Albacete, do 10 ao 12 de abril de 2006.
- 8º. Pablo García Castro.

### Tenis

A Sección de Tenis da Universidade de Vigo participou esta tempada con dous equipos masculinos e un feminino nas competicións de Tenis por equipos da Federación Galega.

O **Universidade de Vigo A Masculino** non puido manter a categoría na segunda división galega, o descenso á terceira división do primeiro equipo anulou o ascenso á segunda do **Universidade de Vigo B Masculino**.

No equipo **Universidade de Vigo Feminino** as rapazas conseguiron o ascenso á 1ª división tras unha axustada fase de ascenso.



### Triatlón

O Circuíto Galego de Triatlón do 2006 compúxose de 12 probas, 7 delas celebráronse na temporada de inverno nas modalidades de Duatlón de Montaña e Duatlón de Carreteira, e as 5 restantes durante a temporada de verán nas modalidades de Triatlón e Acuatlón.

O Club Universidade de Vigo, integrado por 13 mozos e dúas mozas, tivo as súas mellores actuacións no Circuíto Galego nas seguintes probas:

- I Duatlón de Montaña “Universidade de Vigo”
- IV Duatlón Cidade de Santiago
- I Triatlón Concello Vila de Cruces.

### Carreiras de orientación

O IV Trofeo Universidade de Vigo de Carreiras de Orientación pechou o 26 de novembro a temporada 2004/2005 da Liga Galega. O Club Universidade de Vigo rematou esta XIV Liga no 7º posto con 1443 puntos.

En xaneiro de 2006 daba comezo a XV Liga que se prolongará ata novembro deste ano. No que leva transcorrido desta nova temporada a Universidade de Vigo xa conseguiu importantes éxitos, como o segundo posto no Campionato Galego na categoría Seniors Feminina conseguido pola corredora Stanka Fajtova.





## 5. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS



### Campus de Ourense

- Edificio Deportivo:
  - Pista polideportiva
  - Pistas de Squash
  - Sala de Fitness
  - Zona de Tenis de Mesa
  - Área de Xadrez

### Campus de Pontevedra

- Pavillón Polideportivo:
  - Pista Polideportiva
  - Sala de Fitness



### Campus de Vigo

- Edificio do Servizo de Deportes:
  - Salas de Actividades Dirixidas
  - Aula para Cursos
  - Sala de Xadrez
- Pavillón Polideportivo:
  - Pistas Polideportivas
  - Sala de Fitness
  - Zona de Tenis de Mesa
  - Rocódromo
- Pistas de Tenis Exteriores
- Pista Polideportiva Exterior
- Campo de Herba Natural
- Campo de Céspede Sintético
- Pista de Atletismo
- Pista de Footing

## 5.1. USOS INTERNOS: COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Os membros da Comunidade Universitaria son os principais usuarios das instalacións deportivas nos tres Campus, esencialmente a través da participación en actividades organizadas polo Servizo de Deportes.

O mellor exemplo desta conxuntura son as Ligas Universitarias. Os case 4000 xogadores das distintas modalidades ocupan as diferentes pistas e campos máis de 130 horas á semana. Os deportistas Federados polo Club Deportivo conforman outro dos grandes grupos, das 69 horas de uso á semana, a ocupación dos xogadores do Club de Tenis supón máis dun 50%.

A celebración de competicións internas (Campionatos Individuais, Intercentros...) e as clases de Escolas Deportivas completan o perfil dos usuarios inscritos nas actividades que organiza o Servizo. Os alumnos de Escolas fixeron uso da Sala de Actividades Dirixidas (Ioga, Aikido, Bailes de Salón...), das pistas de tenis e das pistas do pavillón un total de de 42 horas semanais.

No Cómputo total dos membros da Comunidade Universitaria que tiran proveito das Instalacións Deportivas, compre destacar o importante número deles que acode por libre: dunha banda, cada semana rexístranse unhas 50 horas de reservas de instalacións feitas por universitarios. Doutra, as Salas Cardio Fitness de Ourense e Vigo acollen a máis de 150 persoas ao día.

## 5.2. USOS EXTERNOS

En virtude dunha política de aproveitamento dos recursos, os Campus de Ourense e Vigo alugan as instalacións a usuarios externos. Numerosas entidades fan alugueiros anuais que ocupan os recintos deportivos 88 horas á semana, especialmente nos horarios de sábado e domingo. Velaquí o listado deste curso:

| CAMPUS | INSTALACIÓN | USUARIO |
|---|---|---|
| OURENSE | POLIDEPORTIVA | FEDERACIÓN G. FÚTBOL SALA |
| | | FEDERACIÓN G. BALONCESTO |
| | | ESCOLAS D. PAVILLÓN PATERNINA |
| | | BALNEARIO DE LAIAS |
| | | COPIMODA |
| | | FAC. CC. DA EDUCACIÓN - XOGO MOTOR |
| | | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN - CURSO RUGBY |
| | | USUARIOS PARTICULARES: 5 |
| VIGO | PISTA PAVILLÓN | GRUPO DE EMPRESA PSA PEUGEOT-CITROËN |
| | | PDI/PAS ECONÓMICAS FEM. |
| | | GKN INDUGASA |
| | | CLUB DE BALONCESTO AIREXA |
| | | USUARIOS PARTICULARES: 6 |
| | PISTA POLIDEPORTIVA EXTERIOR | CORUXO F.C. |
| | CAMPO SINTÉTICO DE FÚTBOL | TORNEO PRIMAVERA |
| | | TORNEO AMISTAD |
| | | CEDRO |
| | | GRUPO SEI |
| | | CORUXO F.C. |
| | | ACOPEVI |
| | | VIGO EN XOGO |
| | | USUARIOS PARTICULARES: 6 |
| | PISTAS DE TENIS | GRUPO DE EMPRESA PSA PEUGEOT-CITROËN |
| | PISTA DE ATLETISMO | CLUB ATLETISMO PORRIÑO |
| | | CLUB ATLETISMO VAL DE LOURIÑA |
| | | COLEXIO DE ÁRBITROS DE FÚTBOL |
| | | IGREXA EVANXÉLICA DE VIGO. |
| | | CEMAR - COLEXIO MARCOTE (ALUMNOS CICLO ACTIVIDADE FÍSICA DEPORTIVA) |
| | | SOCIEDADE DEPORTIVA ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA |
| | | ACADEMIA FONSECA |
| | | CLUB ATLETISMO VAL DE LOURIÑA |
| | | C.D. ATHENAS |
| | | I.E.S. A GUÍA |
| | | USUARIOS LIBRES |



# 6. EVENTOS E ACTIVIDADES

## 6.1. ORGANIZACIÓN POLO SERVIZO DE DEPORTES

### II Maratón Solidario de Aeróbic.

Pontevedra, 18 de decembro de 2005.

A Sección de Aeróbic da Universidade de Vigo repetiu a experiencia do ano pasado e convocou a universitarios e non universitarios a poñerse en forma por unha boa causa. Arredor de 120 persoas trouxeron un quilogramo de alimento non perecedoiro que se destinou ao Comedor dos Padres Franciscanos de Pontevedra.

### I Maratón Solidario de Aquagym.

Vigo, 27 de abril de 2006.

O Complexo Deportivo Universitario do Campus de Vigo recolleu a testemuña solidaria; nesta ocasión os fondos recadados destináronse á Asociación Española Contra o Cancro. Arredor de 75 persoas déronse un mergullo con grandes doses de diversión e exercicio, no Maratón Solidario de Aquagym tamén se sentiu o apoio das persoas que non puideron achegarse en persoa pero fixeron chegar o seu donativo.

### "IV Trofeo Universidade de Vigo" Carreiras de Orientación.

Vigo, 26 de novembro de 2005.

A Serra do Monte Galiñeiro acolleu por cuarto ano consecutivo a preto de 250 deportistas de orientación. A proba inclúese dentro do Liga Galega de Carreiras de Orientación, pero o acto tiña principalmente un compoñente lúdico e de iniciación no deporte, por este motivo, á par do percorrido de competición trazouse outro máis sinxelo para os principiantes. A pé ou en bicicleta de montaña os participantes puideron tirarlle partido ao mapa topográfico da Serra realizado polo Club de Orientación da Universidade de Vigo.

### Duatlón de Montaña - Circuíto Galego de Triatlón.

Vigo, 18 de febreiro de 2006.

Dentro do Circuíto Galego de Triatlón e coma Campionato Galego Universitario o I Duatlón de Montaña Universidade de Vigo reuniu a máis de 90 deportistas no Campus Lagoas Marcosende de Vigo. A proba realizouse en tres etapas: 5Km de carreira a pé; 20Km de bicicleta de montaña por camiños forestais e 2,5Km de carreira a pé e o tempo do corredor máis rápido foi de 1h25'57''.

### Inauguración da Campaña de Promoción de Xadrez na Escola.

Vigo, 13 de xaneiro de 2006.

Máis dun cento de rapaces de Vigo puideron enfrontarse aos mellores xogadores dos dous equipos de Xadrez da Universidade de Vigo nuha exhibición de partidas simultáneas. Na pista polideportiva do Pavillón de Deportes vigués deu o seu pistoletazo de saída a Campaña de Promoción do Xadrez en Idade Escolar.



**Copa Xunta de Xadrez.**
Vigo, 18 de abril de 2006.

O Pavillón de Deportes do Campus de Vigo acolleu por primeira vez os Campionatos Escolares de Xadrez de Vigo, competición oficial da Xunta de Galicia. A Sección de Xadrez da Universidade de Vigo consegue así reforzarse como motor desta disciplina deportiva na cidade olívica.

**Torneo Aberto de Xadrez.**
Ourense, 7 de maio de 2006.

A Sección Federada de Xadrez do Campus de Ourense organiza cada ano un Torneo Aberto de Xadrez que difunde este deporte entre a sociedade ourensá. Nesta ocasión 19 participantes puxeron en xogo as súas estratexias.

**Torneo Aberto Internacional Cidade das Burgas**
Ourense, do 4 ao 12 de xullo de 2006.

O Club de Xadrez, a través do Servizo de Deportes organizou este torneo na Casa da Xuventude de Ourense. Os niveis de participación da sociedade ourensá acadaron a cota de 117 inscritos.

**III Mundialito Unidiversidade**
Vigo, 23 e 24 de novembro de 2005

Dentro do marco da IV Feira de Extensión e Alumnado "Universitúa 2005" celebrouse a III edición do Mundialito de Fútbol 7. Os doce equipos participantes estaban formados por estudantes Erasmus, Asociacións de Inmigrantes e estudantes das universidades portuguesas de Porto e Minho. No campo de fútbol atopáronse xogadores italianos, paraguayos, marroquíes ou brasileiros, todo un encontro de culturas.

**Campionato de Squash Campus de Ourense.**
Ourense, do 25 ao 27 de abril de 2006.

Ata as Pistas de Squash do Pavillón Polideportivo de Ourense achegáronse 23 xogadores de Squash universitarios e non universitarios para medir as súas raquetas nesta competición amigable.

**I Torneo Intercéltico de Rugby.**
Ourense, 30 de marzo de 2006.

Co obxectivo de que tecer redes de cooperación entre as culturas célticas, o Vicerreitorado de Planificación do Campus de Ourense organizou por primeira vez o Torneo Intercéltico de Rugby. Nel participaron o A.R.V. Ourense, a Selección Universitaria de Galicia e o club irlandés Old Belvedere R.F.C. De cara a próximas edicións o Torneo Intercéltico buscará ampliar este encontro con clubs franceses e portugueses.

## 6.2. SEDE DOUTROS EVENTOS

As instalacións deportivas do Campus de Vigo tamén acolleron a celebración de diversos eventos, estivesen ou non directamente relacionados co deporte. A pretensión é maximizar o uso das instalacións e de impulsar a colaboración da Universidade de Vigo con proxectos locais, rexionais e nacionais.



**IV Edición Copa Coca Cola (maio 2006).** O Campus de Vigo repetiu un ano máis a experiencia como sede do torneo de fútbol escolar da Copa Coca Cola. Rapaces de idades comprendidas entre os 13 e os 15 anos, de 32 colexios da comarca de Vigo xogáronse a clasificación á Final, que este ano tivo lugar en Logroño.

**NX Conecta (xullo 2006).** Caixanova reuniu a preto de 1500 afeccionados á informática no Pavillón de Deportes Universitario do Campus de Vigo. Esta festa das novas tecnoloxías contou mesmo cun reality show: "El Reto" tivo a catro rapaces e catro rapazas convivindo unha semana nun espacio de 30m$^2$.

**LUBA TV (de abril a xuño de 2006).** O Servizo de Deportes colaborou coa Televisión de Galicia na realización dun novo programa que mesturou deporte e espectáculo. LUBA TV é unha experiencia pioneira en España; sobre a base dunha Liga Universitaria de Baloncesto, na que participaron as tres universidades galegas máis a universidade portuguesa de Porto, creouse unha gran festa de espectáculos musicais, teatrais e de danza. Os representantes da Universidade de Vigo fixéronse coa vitoria desta liguiña televisiva e como premio, ganaron unha viaxe aos Estados Unidos para presenciar un partido da NBA. O Pavillón de Deportes Universitario do Campus de Vigo transformóuse en plató de televisión nas 7 xornadas de gravación.

**Campus de Baloncesto organizado polo Colexio Seis de Nadal (xullo 2006).**

## 6.3 SEDE DOUTRAS ACTIVIDADES

**Campus Camp Multideportivo para fillos de PDI e PAS (xullo 2006).** Os rapaces puideron divertirse ao longo de todo o mes de xullo mentres os seus pais traballaban. Para levar a cabo as distintas actividades do Campus puxéronse a disposición dos máis pequenos todas as instalacións deportivas, tanto exteriores como interiores.

**Curso de Ortofonía.** Durante os meses de febreiro e marzo, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais organizou este seminario de mellora da pronunciación e do uso da voz dirixido aos profesores da Universidade de Vigo. No terceiro ano consecutivo no que se organizan estes cursos o lugar de celebración foi a aula do Edificio do Servizo de Deportes.



## 7. OUTROS SERVIZOS E VANTAXES

### 7.1. TARXETA DEPORTIVA

A Comunidade Universitaria dos Campus de Vigo e Pontevedra deixou ver un ano máis a boa acollida da Tarxeta Deportiva Universitaria. O incremento de máis de 70 usuarios respecto do ano pasado é o mellor indicativo do éxito desta iniciativa. Ao largo deste curso, 564 universitarios solicitaron este carné, especialmente motivados polo dereito ao uso gratuíto da Sala Cardio Fitness do Pavillón de Deportes Universitario.

Entre as prestacións da TDU están os descontos a actividades e programas organizados polo Servizo de Deportes e os servizos ofrecidos polas empresas colaboradoras. Un dos puntos fortes deste ano foron os acordos de colaboración con numerosas clínicas de fisioterapia da provincia de Pontevedra.

| CURSO | 2004/2005 | 2005/2006 |
|---|---|---|
| USUARIOS | 490 | 564 |

### 7.2. DUE

O Programa de Apoio Académico a Deportistas de Alto Nivel DUE comezou a funcionar este curso con 14 beneficiarios. DUE naceu para dar resposta ás necesidades académicas dos Deportistas de Elite, xa que os seus horarios de adestramento e o calendario de competicións oficiais impiden, en moitos casos, compatibilizar adecuadamente deporte e estudos.

A asignación dun titor persoal para cada alumno participante no programa que actúa como intermediario na relación cos demais profesores facilitou, entre outras cuestións, a modificación de horarios de prácticas e a adaptación do calendario de exames aos eventos deportivos de Alta Competición.

Os 14 deportistas que ao longo deste ano se inscribiron no programa DUE practican modalidades deportivas que van dende o Atletismo ata o Hockei sobre Patíns, e que maioritariamente son disciplinas individuais.





### 7.3. SALAS CARDIO - FITNESS

As salas de musculación dos Campus de Ourense e de Vigo reciben diariamente a visita de máis de 55 e 75 usuarios respectivamente.

As estatísticas para Ourense reflexan que:

- Media de 57 usuarios ao día.
- O 77,79% dos usuarios son homes e o 22,21% mulleres.
- Por tipo de usuario:
    - 88% alumnos
    - 3,36% persoal (PDI ou PAS)
    - 7,63% non universitarios
    - 0,44% outros (federados, convenio...)

O total de usos da Sala Cardio Fitness do Campus de Ourense entre setembro de 2005 e xuño de 2006 rolda os **12.000** usos.

E as estatísticas para Vigo reflexan que:

- Media de 78 usuarios ao día.
- O 85% dos usuarios son homes e o 14,91% mulleres.
- Por tipo de usuario:
    - 83,57% alumnos
    - 5,25% persoal (PDI ou PAS)
    - 7,65% non universitairos
    - 3,53% outros (federados, convenio...)

O total de usos da Sala Cardio Fitness do Campus de Vigo entre setembro de 2005 e xuño de 2006 achégase aos **18.000** usos.



# 8. ÚLTIMOS PROXECTOS

## 8.1 ÁREA DE DEPORTE E SAÚDE

O obxectivo deste novo proxecto é a mellora da calidade de vida da Comunidade Universitaria de Vigo a través dunha práctica deportiva saudable. O programa En Boa Forma arrancou en abril de 2006 no Campus de Vigo coa conxunción da Unidade de Medicina Deportiva e da Unidade de Actividade Física Personalizada.

A Área de Deporte e Saúde é unha proposta pioneira no ámbito universitario español que busca o tratamento individualizado de cada usuario para alcanzar os seus propios obxectivos. A práctica de actividade física regular pode ser unha excelente ferramenta para previr ou mellorar problemas de saúde, doenzas posturais ou, en liñas xerais, para mellorar o estado físico e psíquico dos usuarios.

Nos dous primeiros meses de funcionamento 45 persoas iniciaron un programa trimestral de Actividade Física Personalizada, e a Unidade Médica atendeu a máis de 50 consultas neste mesmo tempo. O Doutor Juan José Crespo e os licenciados en INEF encargados de desenvolver o programa foron as mellores garantías para os usuarios.

De cara ao próximo curso e co impulso deste excelente comezo, a Área está a traballar para complementar a oferta cunha Unidade de Fisioterapia e coa presencia nos Campus de Ourense e Pontevedra.

### USUARIOS ÁREA DE DEPORTE E SAÚDE

| | |
|---|---|
| PROGRAMA AFP - TRIMESTRAL | 45 |
| CONSULTAS MÉDICO-DEPORTIVAS BÁSICAS | 48 |
| CONSULTAS MÉDICO-DIETÉTICAS | 7 |

## 8.2 CAMPAÑA DE XADREZ NA ESCOLA.

A Escola de Xadrez da Universidade de Vigo en colaboración coa Federación Galega de Xadrez e a Escola Xadrez Galego organizaron a primeira Campaña de Promoción do Xadrez en Idade Escolar da Universidade de Vigo.

Os xogadores do equipo Universidade de Vigo realizaron sete visitas programadas a centros escolares de Vigo, nas que se organizaron exhibicións, partidas simultáneas, concursos "Cultura e Xadrez" e charlas informativas para os profesores sobre o uso do xadrez como ferramenta pedagóxica.

Máis dun milleiro de rapaces tiveron a ocasión de poñerse en contacto co deporte a través da Campaña Escolar; as visitas chegaron aos centros de: CEIP Os Sauces; CEIP García Barbón; Mercantil de Vigo; CEIP Mariano; CEIP Altamar e ao Pavillón de Deportes do Campus de Vigo.







## 8.3 PISTA DE FOOTING

A Oficina de Medio Ambiente, a Unidade Técnica e O Servizo de Deportes crearon a nova pista de footing no Campus de Vigo. A pista comeza o seu trazado na entrada do Pavillón Polideportivo e rodea os campos de herba natural e sintético, e as pistas de tenis. Trátase dun percorrido dun quilómetro feito con terra compactada sobre unha base de zahorra, materias ideais para practicar carreiras a pé.

No proxecto está prevista a creación dunha área de estiramentos ao aire libre e paneis informativos sobre a flora do entorno.

## 1. ÁREA DE DEPORTE E SAÚDE



El 80% de los usuarios de la piscina del campus vigués es ajeno a la comunidad universitaria

Maratón solidario de espagueti para la asociación contra el cáncer

La Universidad estrena un área de deporte y salud

"Los erasmus tienen más cultura deportiva"

Atlántico Diario, 13 de abril de 2006



"El ejercicio físico es hoy en día el mejor medicamento que existe"

El área de Deporte y Salud del campus atiende ya a 40 personas

Atlántico Diario, 11 de xuño de 2006



## 2. ÁUGAVENTURA



Universitarios en remojo

Atlántico Diario, 24 de marzo de 2006



A remojo

En los tres campus

Universitas - La Región, 24 de marzo de 2006



AL AGUA, PATOS!

Zona Cero,17-23 de abril de 2006




Atlántico Diario, 18 de xaneiro de 2006




La Región, 7 de outubro de 2005




La Región, 21 de xaneiro de 2006




La Región, 27 de xaneiro de 2006




La Región, 26 de maio de 2006




La Región, 21 de abril de 2006




La Voz de Galicia, 18 de outubro de 2005

## 4. CAMPIONATOS

### Comienza el primer Duatlón de Montaña "Universidade de Vigo"



Atlántico, 18 de febreiro de 2006

### La Universidad, campeona nacional en grupos de promoción de aeróbic



Atlántico Diario, 3 de maio de 2006

### Sobresainte en judo





Universitas-Atlántico Diario, 11 de maio de 2006

### Medalla de bronce no Campionato Mundial Universitario de Taekwondo



Universitas - Atlántico Diario, 25 de maio de 2006





Moisés Rodríguez.

### O kárate e a natación gañan oito medallas nos campionatos de España

Máis éxitos para os deportistas da Universidade Sur nos Campionatos de España de Natación e Kárate. Na máxima competición estatal os nadadores galegos acadaron sete medallas, unha delas de ouro e bateron un récord galego na distancia de 800 metros libres.

En total o equipo de natación trouxo para casa cinco bronces, unha prata e un ouro, acadado por Carlota Recio. Ademáis, esta nadadora tamén se fixo coa prata en 100 metros estilos e co bronce en 200 metros estilos, e foi Asier Eneriz quen obtivo o bronce en 400 metros libres e bateu o récord galego de 800 metros libres.

**Kárate**

A medalla que completa a compilación para os deportistas universitarios obtívoa Moisés Rodríguez no Campionato de España Universitario de Kárate. Fíxose co bronce na categoría Kumite de menos de 70 quilogramos.

Universitas-La Región, 18 de maio de 2006

### **Récord gallego** para Eneriz en 800 libres en el Campeonato Nacional Universitario

El nadador Asier Eneriz Arraiza, del año 86, batía ayer el récord gallego de 800 libre en piscina de 25 metros con un tiempo de 8.18.46 (el anterior era 8.22.64). Este deportista del Pabellón Ourense, que compite estos días por la Universidade de Vigo, está disputando el Campeonato de España Universitario, de nuevo en la Piscina del Mundial 86 de Madrid. Esta prueba comenzó el jueves y termina hoy ■ REDACCIÓN

El Correo Gallego, 13 de maio de 2006

TAEKWONDO ■ Nacional

### La Universidad de Vigo, campeona

El equipo de taekwondo de la Universidad de Vigo logró el primer puesto en el Campeonato de España Universitario gracias a sus tres oros (Nazareth Tilve, Leticia Santos, David Vidal) y cinco bronces (Bruno García, David López, Pablo Casares, Alicia Pena y Rebeca Mariño). La viguesa Andrea Rica, del Tao-Pescapuerta, acudió como representante de la Universidad de Barcelona y logró el oro en -55kgs.

Faro de Vigo, 28 de marzo de 2006

## 5. MARATÓN AQUAGYM


VIGO

Músculos solidarios

20 minutos, 28 de abril de 2006


10 VIGO

"AQUAGYM" EN LA PISCINA DE LA CIDADE UNIVERSITARIA

Gimnasia acuática con un buen fin

Faro de Vigo, 28 de abril de 2006


La Universidad celebró un maratón solidario de gimnasia acuática

La Voz de Galicia, 28 de abril de 2006

## 6. RUGBY


Se buscan jugadoras

Atlántico Diario, 25 de outubro de 2005


Ellas también juegan

En Ourense calientan motores

Universitas - Atlántico Diario, 3 de novembro de 2005


El Universidade de Vigo recibirá el domingo al invicto Cisneros en un choque en la cumbre

Atlántico Diario, 13 de xaneiro de 2006


El Universidade, a hacer historia

"La presión será para ellos"

Atlántico Diario, 7 de abril de 2006


Superiores, aunque no tanto

Atlántico Diario, 10 de abril de 2006



DEPORTES

# El Universidade debuta con mal pie

Faro de Vigo, 3 de outubro de 2005



# El Universidade de Vigo aspira al ascenso esta temporada

Faro de Vigo, 28 de setembro de 2005



RUGBY
División de Honor B

# El Universidade de Vigo accede al liderato en Oviedo

El Universidade de Vigo "A" disputó ayer contra el Oviedo un partido que les dio la primera victoria a los de Tenlay. El resultado final fue de 12-25, con lo que los vigueses se llevan 5 puntos, 4 por la victoria más 1 por marcar 4 o más ensayos. Esto permite al Universidade colocarse como líder provisional del campeonato gracias también a la derrota del Hospitalet en Valencia.

**Derrota del equipo "B"**

Por otra parte, el equipo sénior "B" se estrenó en Primera Nacional con derrota en las instalaciones de Lagoas Marcosende ante el Marcantes de Pontevedra por un marcador de 15-35. Pese a la abultada diferencia que registró el marcador, los olívicos no se amilanaron y disputaron un encuentro muy igualado con los de la ciudad del Lérez.

Faro de Vigo, 17 de outubro



FARO DE VIGO
Viernes, 2 de junio de 2006

RUGBY
Copa Xunta

# El Universidade de Vigo busca el título en las tres categorías

El Universidad de Vigo Rugby Club cerrará la temporada con la final de la Copa Xunta. El club olívico se verá representado en la final de las tres categorías. Los partidos se jugarán este sábado en el campo de Acea da Ma (A Coruña): **juvenil**, 15.45, árbitro st. Moaer: CRAT-Universidad de Vigo; **femenino** 17.00, Universidade Coruña-Universidade de Vigo; **senior**, 18:15, CRAT-Universidade de Vigo.

De estos tres partidos el más igualado será el femenino. En las dos categorías masculinas los vigueses son favoritos. En cualquier caso el objetivo claro es ganar en las tres categorías.

El equipo senior cuenta con la baja de Nacho Gutiérrez, convocado con la selección española para disputar un partido en París este fin de semana. Aunque el Universidade cree que la Federación Gallega vulnera la reglamentación al hacer coincidir la Copa con un encuentro internacional, no podrá el aplazamiento.

Faro de Vigo, 2 de xuño de 2006





Campeones

# "En el Vigo Rugby Club se garantiza jugar"

Campeones - Faro de Vigo, 5 de outubro de 2005



# Deporte y tradición al estilo celta

+Deporte - La Región, 4 de abril de 2006



El campo del CGTD acogió una trepidante jornada de rugby

# El rugby, con la fiesta

Diario de Pontevedra, 30 de decembro de 2005



40 | Deportes

El Universidade pelea por el ascenso a la élite sin su estrella

La Voz de Galicia, 3 de marzo de 2006



El Universidade cayó de forma inesperada en su estreno liguero

La Voz de Galicia, 4 de outubro de 2005



El Universidade Vigo mira hacia la máxima categoría

La Voz de Galicia, 28 de setembro de 2005



## 7. TENIS



As xogadoras do Club Deportivo Universidade de Vigo de Tenis acadan o ascenso á primeira división galega

DUVI, 14 de xuño de 2006



Un nuevo proyecto con miras de futuro

Favoritos y sorpresas

Faro de Vigo, 15 de setembro de 2005



La igualdad preside el arranque del cuadro final del campeonato

Faro de Vigo, 20 de setembro de 2005



Broche de oro pese a la niebla

Faro de Vigo, 26 de setembro de 2005

## 8. XADREZ



UNIVERSITAS

La buena marcha del equipo universitario extiende la afición por el ajedrez en Vigo

La campaña de exhibiciones llegará a los colegios

Universitas-La Región, 2 de marzo de 2006



AJEDREZ

**El Universidade de Vigo ya es líder de la liga gallega**

El equipo vigués conquistó el pasado fin de semana el liderato en solitario de la División de Honor tras conquistar una nueva victoria en la sexta jornada. El equipo universitario se impuso por 1,5-4,5 en el encuentro a domicilio que disputó frente al Padrón A. El segundo equipo de la Universidade de Vigo también ocupa el liderato de la Tercera División tras una aplastante victoria por 4-0 ante el Xadrez Galego | LVG

La Voz de Galicia, 22 de febreiro de 2006



MIÉRCOLES 21 DE JUNIO DE 2006 3

VIGO 20

**Miguel Senlle**

JUGADOR DE AJEDREZ

«En Internet se hacen muchas trampas»

Tiene 13 años, estudia 2º de la ESO en el colegio Alba de Vigo y ya ha sido convocado por la selección gallega de ajedrez para disputar en Ciudad Real el Campeonato de España de Juventud 2006, que se celebra entre los próximos 23 y el 30 de junio.

**¿Cuándo comenzaste a interesarte por el ajedrez?**

Aprendí a jugar cuando tenía siete años y mi padre fue quien me enseñó, aunque él no juega bien. Después, a los diez empecé a participar en torneos.

BIO Miguel Senlle, el jugador más joven del Universidad de Vigo de ajedrez, disputará el domingo el Campeonato de España.

**¿Consideras el ajedrez un deporte o un juego?**

Un deporte porque para mí es competición, aunque para muchos sea un juego. Yo me lo paso muy bien jugando al ajedrez, es un hobby y me divierte.

**¿Cómo te entrenas?**

Juego muchas partidas al día, sobre todo a través de Internet, contra programas informáticos y en clubes de ajedrez. Pero yo prefiero jugar con un tablero porque el ordenador a veces falla y en Internet se hacen muchas trampas. En directo es más difícil engañar al contrincante. LAURA JUAN

20 minutos, 21 de xuño de 2006



## 9. OUTROS



PDI y PAS triunfan en los campeonatos gallegos en fútbol 7 y baloncesto

Universitas - Atlántico Diario, 2 de xuño de 2006



**"Universitúa" une diferentes culturas con el "Mundialito"**

El campus universitario alberga hasta mañana la IV Feria de Asociaciones de la Universidad de Vigo "Universitúa", durante la que se celebrará el I Congreso Galego de Asociacionismo e Participación Universitaria "Uniemo".

Además, el programa incluye el "Mundialito", que reúne a inmigrantes, gitanos y estudiantes Erasmus en torno a una competición deportiva. La semifinal tendrá lugar a las 11.30 horas y, los clasificados, deberán disputar la gran final a las 17.30 horas.

"Universitúa" reunió a muchos curiosos el año pasado.

Atlántico Diario, 23 de noviembre de 2005



UNIVERSITAS

Quemando excesos

Universitas - La Región, 15 de xuño de 2006



**El campus estrena una pista de footing**

Atlántico Diario, 21 de xuño de 2006



Cursos / Actividades

De excursión por Ourense

DUVI, 17 de novembro de 2006



DUVI, 8 de xullo de 2006



La Universidad oferta 16 disciplinas deportivas para este curso en el campus

Faro de Vigo, 28 de setembro de 2005



Técnicas orientales para luchar contra el estrés **universitario**

vigo4costados - Faro de Vigo, 6 de decembro de 2005



Recomendaciones de hoy

Universitarios xogando ao básket, con música, premios e diálogos

La Voz de Galicia, 22 de abril de 2006



El campus incrementa y mejora su oferta deportiva

La Voz de Galicia, 28 de setembro de 2005



## 10. DIRECTORIO E ENTIDADES COLABORADORAS

### Campus de Ourense

Pavillón Universitario
Campus a Lonia
Ourense
Tel.: 988 368 926
Fax: 988 368 927

### Campus de Pontevedra

Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación
Campus da Xunqueira
Pontevedra
Tel.: 986 801 917
Fax: 986 801 917

### Campus de Vigo

Edificio do Servizo de Deportes
Campus Lagoas Marcosende
Fax: 986 814 061
Información: 986 812 182
986 812 204
Reserva instalacións: 986 814 059
pavillon@uvigo.es



Universidade de Vigo

Servizo de Deportes

nx
www.novaxove.com

El Corte Inglés
VIGO

Coca-Cola

Mondariz

Pontevedra

Deputación Ourense